



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Bases do proceso de selección de 2 peóns/peoas de obras públicas PEL-Concellos 2025

ANUNCIO

Bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime laboral temporal, de 2 postos de peóns/peoas de obras públicas, durante 6 meses e 15 días, cunha xornada laboral do 90 %. Programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación da Coruña.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 102/2025, do 11/03/2025, aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas de obras públicas a xornada do 90% durante 6 meses e 15 días, ó abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

As bases están a disposición dos/as interesados/as no taboleiro de edictos municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón <https://sede.boqueixon.com>.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación do presente anuncio no BOP.

Boqueixón, 12 de marzo de 2025

Ovidio Rodeiro Tato

Alcalde de Boqueixón

2025/1598